

# Un investigador da UVigo avoga por impulsar a rastrexabilidade de alimentos e medicinas

*A Rastrexabilidade Difusa permite pescudar que lle puido ocorrer aos alimentos nos que se rexistraron as bacterias mediante un algoritmo que calcula os escenarios máis probables.*

Por

**redacción**

-

23 Xuño, 2020



Unha empregada utiliza unha tableta nun almacén. UNIVERSIDADE DE VIGO

O investigador da Universidade de Vigo ([UVigo](#)) Mateo Ramos avogou por impulsar a **rastrexabilidade de produtos alimentarios e sanitarios** que poidan resultar perigosos no marco da súa tese de doutoramento.

Segundo precisou nun comunicado a universidade, a proposta contempla unha aposta pola Rastrexabilidade Difusa ou Fuzzy Traceability, que permite coñecer por onde circulou un produto e os axentes que puideron actuar sobre del.

En concreto, a aplicación de técnicas de rastrexabilidade pode resultar importante para **garantir a seguridade de medicamentos ou produtos alimentarios**. Neste sentido, a combinación de algoritmos matemáticos e técnicas de **intelixencia artificial** pode permitir predicir situacións futuras, estudar o ciclo de vida dun produto e alertar sobre situacións de risco.

O investigador lembrou que, en ocasións, se atopan listeria e escherichia coli en alimentos. Ante esta situación, remarcou que a **Rastrexabilidade Difusa** permite pescudar que lle puido ocorrer aos alimentos nos que se rexistraron as bacterias mediante un algoritmo que calcula os escenarios posibles e mostra o máis probable.

Nesta liña, na tese apóstase polo desenvolvemento de mecanismos que permitan abordar as casuísticas e problemáticas identificadas de acordo coa información dispoñible e os formatos nos que se presenta. A ese respecto, Ramos indicou que se busca que estes mecanismos suplan “as carencias xeradas polos déficits de información presentes nos contextos analizados”.